



Destinatarios:

Alumnado de centros educativos sostidos con fondos públicos que impartan ensinanzas de réxime xeral, na Comunidade Autónoma Galega, de:

- 1º, 2º, 3º e 4º ESO.
- 1º e 2º Bacharelato.

Requisitos:

- Estar cursando 1º, 2º, 3º ou 4º de educación secundaria obrigatoria ou 1º ou 2º de bacharelato, en centros sostidos con fondos públicos que impartan ensinanzas de réxime xeral, durante o curso 2017-2018, na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Para as actividades de integración (1º Bacharelato, que se desenvolverán no inicio do curso 2018-2019) estar matriculado/a, no curso 2017-2018, nun centro da Rede de Centros Plurilingües.
- Non ter concedida outra axuda para o mesmo fin neste curso nin estar incurso/a nalgunha prohibición para a subvención.
- Nota mínima na área ou materia de lingua estranxeira que se vai perfeccionar na estadía de Ben ou 6, curso 2016-2017.
- Ter superadas todas as áreas ou materias no curso 2016/2017.
- Ter DNI (excepto menores de 14 anos), ou NIE en vigor, segundo corresponda. No seu caso, dispoñer de pasaporte e documentación que permita viaxar ao estranxeiro

**Prazo aberto do 8 de febreiro
 ata o 7 de marzo (ambos
 incluídos)**

						Achega das familias (€)			
	MODALIDADE	DURACIÓN	RÉXIME ALOXAMENTO	Nº PRAZAS	CUSTO POR PRAZA (€)	GRUPO A	GRUPO B	GRUPO C	GRUPO D
2º BACH.	Inglés en Canadá	3 semanas	Familia	80	2.950	375	670	1.180	1.475
	Inglés no Reino Unido	3 semanas	Familia	90	2.244,55	285	510	898	1.122
	Francés en Francia	3 semanas	Residencia	10	2.244,55	285	510	898	1.122
	Portugués en Portugal	3 semanas	Familia ou residencia	10	2.000,13	254	454	800	1.000
1º BACH.	Inglés no Reino Unido	3 semanas	Familia	90	2.244,55	285	510	898	1.122
	Inglés en Canadá	3 semanas	Familia	80	2.950	375	670	1.180	1.475
	Inglés en Canadá-Integración	4 semanas	Familia	30	3.367	428	764	1.347	1.684
	Inglés en Galicia	1 semana	Residencia	50	755,04	96	171	302	378
	Francés en Francia	3 semanas	Residencia	10	2.244,55	285	510	898	1.122
	Portugués en Portugal	3 semanas	Familia ou residencia	10	2.000,13	254	454	800	1.000
4º ESO	Inglés en Galicia	1 semana	Residencia	50	755,04	96	171	302	378
4º ESO	Inglés en Galicia	2 semanas	Residencia	90	554,18	70	126	222	277
3º ESO	Inglés en Galicia	2 semanas	Residencia	180	554,18	70	126	222	277
2º ESO	Inglés en Galicia	2 semanas	Residencia	240	554,18	70	126	222	277
1º ESO	Inglés en Galicia	2 semanas	Residencia	380	554,18	70	126	222	277



<p>1º DOCUMENTACIÓN QUE TERÁ QUE PRESENTAR</p>	<p>2º PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES (2 MANEIRAS)</p>
<ul style="list-style-type: none"> ● Anexo I. Ten que estar asinado polo pai/nai ou titor/titora ou polo/a alumno/a, no caso de ter a maioría de idade. No caso de familias nas que conviva co alumnado un só proxenitor/titor (separación, divorcio, viuvezade...), a solicitude acompañarase da xustificación documental das circunstancias alegadas no anexo I (alegacións circunstancias familiares). ● Anexo II. As autorizacións teñen que estar asinadas polo pai/nai, titor/a ou persoa de similar relación que non asinase o Anexo I e, no seu caso, pola persoa da que se alegue no Anexo I discapacidade ou pensionista de grande invalidez, cando esta sexa maior de idade e sexa persoa diferente á que asinou o Anexo I. No caso de separación ou divorcio, estas autorizacións non deberá ser asinadas por parte do cónxuxe que non conviva co/a alumno/a. <p>◦ Notas Anexo II: Na medida en que a través deste sistema a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria poida dispoñer das informacións referidas neste Anexo, así como as referidas ás autorizacións correspondentes no Anexo I, non se lles esixirá aos interesados a achega individual de certificacións expedidas polas Administracións correspondentes.</p> <ul style="list-style-type: none"> ➢ No caso de non asinarse algunha autorización, deberá presentarse a documentación correspondente (copia do documento de identidade, certificación de ingresos do ano 2016, certificación de estar ao día de pagamento coa Axencia Estatal de Administración Tributaria para subvencións e axudas, certificación de non ter débedas coa Seguridade Social, certificación de non ter débedas coa Comunidade Autónoma de Galicia, certificación de discapacidade ou certificación de pensionista de grande invalidez, segundo o caso). ● Certificación de matrícula do curso 2017-2018 e académica do curso 2016-2017, con cualificacións e media, tal como indica o punto 1. do Artigo 6º da Orde de convocatoria. ● Fotocopia de todas as follas cubertas do libro de familia. ● Fotocopias dos documentos de identidade das persoas que non outorguen autorización para a verificación de identidade (no Anexo I e/ou no Anexo II). <p>Alegacións incluídas no Anexo I, referidas ao Anexo V (puntos 3º e 4º):</p> <ul style="list-style-type: none"> ➢ Certificado de discapacidade da persoa solicitante, da nai, do pai, ou do titor ou titora, ou de irmáns/ás menores de 25 anos ou de persoas tuteladas, ou certificación de pensionista de grande invalidez, que deberán acreditarse só no caso de non autorizar a súa consulta (Anexo I e/ou II) ou de ser expedidos por outra Comunidade Autónoma. ➢ Certificado de familia numerosa, só no caso de non autorizar a súa consulta ou cando sexa emitido por outra Comunidade Autónoma. <p>Na medida en que a través do sistema de autorizacións a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria poida dispoñer destas informacións, non se lles esixirá aos interesados a achega individual de certificacións expedidas polas Administracións correspondentes.</p>	<p>2º.1. A través da Sede Electrónica: Será necesario dispor de calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede da Xunta de Galicia ou Chave365.</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Entrarase ao formulario normalizado a través da opción do menú “2. Solicitar axuda” 2. Cubra o formulario normalizado e, unha vez cuberto, seleccione a opción “presentación telemática en sede electrónica” 3. Deberase remitir como documento adxunto o anexo II para o cal, tras imprimir este anexo (dende a sección “Anexos asociados” da Sede Electrónica), cubrir e asinar o citado anexo, deberá converterse a formato pdf antes da súa remisión. 4. Na opción de presentación telemática, a solicitude só se considerará presentada a través da súa sinatura na Sede Electrónica (sede.xunta.gal). 5. O resto da documentación (certificación de matrícula, académica, etc. –ver o punto 1º-) remitirase como documentación adxunta. <p>2º.2. En soporte papel:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Imprima e cubra o formulario normalizado e os anexos, dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia, https://sede.xunta.es (forma de tramitación “presencial”) 2. Presente a solicitude, os anexos e o resto da documentación (certificación de matrícula, académica, etc. –ver o punto 1º-) nun rexistro oficial ou envíeas a través de Correos (<u>sobre aberto para que o/a funcionario/a de Correos sele a solicitude</u>). Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa Edf. Administrativo de San Caetano s/n 15781 – Santiago de Compostela (A Coruña) Para esta forma de presentación, pode axudarse empregando a aplicación dispoñible na web do programa: 1. Entre na páxina web http://www.edu.xunta.es/axudasle 2. Entre na sección “2. Solicitar axuda” e cubra o formulario. 3. Grave o formulario (“imprimir para entrega por Rexistro Oficial”) abranse DOUS documentos independentes en formato de Adobe Acrobat (*.pdf), correspondente aos anexos I e II, que a/s persoa/s interesada/s deberá/n imprimir e asinar antes da súa remisión co resto da documentación. A solicitude e o anexo II teñen que ser asinados nos espazos indicados a tal fin. Despois deberá remitir os orixinais. 4. Presente a solicitude, anexos e o resto da documentación –ver o punto 1º–nun rexistro oficial ou envíeas a través de Correos (<u>sobre aberto para que o/a funcionario/a de Correos sele a solicitude</u>). Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa Edf. Administrativo de San Caetano s/n. 15781 - Santiago de Compostela (A Coruña)



<p>3º PUBLICACIÓN DE ADMITIDOS, REQUIRIMENTOS DE EMENDA E EXCLUÍDOS</p>	<p>5º PUBLICACIÓN DAS LISTAXES DEFINITIVAS</p>
<p>Comprobe periódicamente, na páxina web do programa, o estado da súa solicitude na sección “3. Estado solicitude”</p> <p>Una vez finalizada a comprobación das solicitudes recibidas, publicaranse as primeiras listaxes. Haberá un prazo de 10 días naturais, despois desta publicación, para emendar erros e presentar a documentación requirida, que poderá consultarse, mediante identificación do NIF/NIE, na web do programa (http://www.edu.xunta.es/axudasle). De non presentar a dita documentación, poderá supoñer a exclusión do proceso de selección ou non ter en conta as condicións alegadas e non xustificadas</p>	<p>No caso de estar na listaxe de seleccionados terá que enviar, nun prazo de 5 días naturais, a seguinte documentación: Aceptación ou renuncia á axuda, segundo o anexo III. Xustificante bancario do pago da achega familiar á empresa adxudicataria. Esta documentación remitirase ao enderezo: Servizo de Ordenación, Innovación e Orientación Educativa Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa Edif. Administrativo de San Caetao, s/n 15781 Santiago de Compostela (A Coruña)</p> <p>O non realizar o pagamento da achega familiar no prazo indicado, implica que renuncia á axuda.</p>
<p>4º PUBLICACIÓN DAS LISTAXES PROVISIONAIS</p> <p>Comprobe na web http://www.edu.xunta.es/axudasle que estea nas listaxes. Estarán ordenadas por puntuación para cada un dos cursos.</p> <p>Abrirase un prazo de 10 días naturais para formular reclamacións, así como para facer a presentación da documentación requirida con posterioridade á comprobación da situación con respecto á Axencia Estatal de Administración Tributaria, Tesouraría Xeral da Seguridade Social e Facenda da Administración Autonómica.</p>	<p>NOTA ACLARATORIA Á ACEPTACIÓN DA AXUDA</p> <p>Unha vez aceptada a axuda (pago da achega familiar), a renuncia posterior implicará pagar o importe total do custo da actividade, como se establece no artigo 17 de Orde de convocatoria.</p> <p>No caso de abandono do programa sen rematalo, deberá facerse cargo do pagamento dos gastos correspondentes ao regreso. No caso de abandono inxustificado, así mesmo, deberá facerse cargo do custo total da praza.</p> <p>No caso de expulsión do programa, deberá facerse cargo do pagamento do importe de regreso e do custo total da praza e, de ser o caso, dos gastos ocasionados pola expulsión.</p>

CONSULTASWeb da convocatoria: <http://www.edu.xunta.es/axudasle>Enderezo electrónico: axudasle@edu.xunta.es

Atención telefónica: 981957296 - 981546503